



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA POSTOS DE PEÓN RISGA 2020.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde do Concello de Castro de Rei, (Lugo), en virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente concretada no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

RESOLVO

Primeiro.- Nomear como membros do Tribunal para as probas de selección de dous peóns para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA, para a realización de obras/servizos de interese social, no concello de Castro de Rei, ao abeiro da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 5 de xuño de 2020, que tivo entrada nesta entidade local o 08/06/20 con rexistro de entrada nº 1.012, e das Bases reguladoras do proceso de selección aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 280/2020, de 12 de xuño, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE:

-Dona Isabel María Pernas Sánchez, Interventora da Agrupación Castro de Rei-Outeiro de Rei para o desempeño das funcións de intervención en ambos concellos.

VOGAIS:

-Don Juan Carlos Pérez Portas, Técnico medio de Inclusión Sociolaboral de Begonte.

Suplente:Dona María Carmen Cruces Artero, Técnica superior de Inclusión Sociolaboral de Begonte.

-Don Alberto Jaime Lugilde Gude, Director da Oficina de Emprego de Lugo-Sur, como representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Suplente: Dona María Mar Iglesias García, Coordinadora de Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

-Don Manuel Lamela Ónega, Funcionario do Concello de Castro de Rei.

SECRETARIA:

-Dona María Josefa Fernández Legaspi, Secretaria do Concello de Castro de Rei.

Segundo.- Comunicar esta resolución ós nomeados anteriormente que poderán abstirse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Terceiro.- Convocar para o día xoves 25 de xuño de 2020, ás dez horas e trinta minutos, para a celebración da proba escrita e valoración de méritos das Bases reguladoras de contratación, no concello de Castro de Rei.



Cuarto.- Publicar esta resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE.

